



**CDG** CENTRO  
DRAMÁTICO  
GALEGO

Temporada  
**\_06\_07**

# **CENTRO DRAMÁTICO GALEGO**

temporada 2006-2007

Centro Dramático Galego  
Salón Teatro. Rúa Nova, 34  
15705 Santiago de Compostela  
Tf. 981 581 572 Fax 981 570 541  
[centro.dramatico.galego@xunta.es](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.es)

## ÍNDICE

Centro Dramático Galego. O teatro de hoxe.....	3
1. Producción propia.....	4
1.1. <i>O regreso ao deserto</i> .....	4
1.2. <i>Tarará-chis-pum</i> .....	7
1.3. <i>A piragua</i> .....	9
2. Coprodución. <i>Kamikaze</i> .....	12
3. Distribución de <i>A cabana de Babaiajá</i> .....	14
4. Centro de Creación Dramática Contemporánea.....	16
5. Programación do Salón Teatro.....	18
6. Publicacións.....	20
7. Web.....	21

## CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

### *O teatro de hoxe*

O Centro Dramático Galego (CDG), como unidade de produción teatral do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), ten como obxectivo prioritario a realización dunha programación escénica que proporcione aos espectadores unha visión completa do panorama dramático contemporáneo.

Neste sentido, a súa programación susténtase nos puntos que seguen:

1. A representación dos grandes repertorios dramáticos clásicos, galegos e internacionais, postos ao día e enfrontados á realidade dos nosos coetáneos.
2. A representación dos grandes repertorios dramáticos contemporáneos, galegos e internacionais.
3. A residencia dun dramaturgo galego por cada temporada teatral.
4. A posta en escena de espectáculos destinados ao público infantil e familiar.
5. O apoio e a apertura a outros xéneros artísticos e manifestacións parateatrais (circo, danza, *performance*, expresións vocais-musicais...)

Deste xeito, materialízase unha temporada 2006-2007 acorde co espírito da institución, dirixida a fidelizar e diversificar públicos, así como a facer do CDG un referente da produción dramática galega, e do Salón Teatro –a través dunha programación sistemática, plural e de recoñecida calidade– un espazo emblemático para a cidade de Santiago e a súa área metropolitana, ademais de para toda Galicia. Unha programación que abrangue e respecte as temporadas teatrais naturais.

## 1. PRODUCCIÓN PROPIA

### 1.1. *O REGRESO AO DESERTO*

<b>Autor</b>	Bernard-Marie Koltès
<b>Dirección</b>	Cristina Domínguez Dapena
<b>Elenco</b>	Luísa Merelas, Celso Parada, Toni Salgado, Rocio González, Alberto Rolán, Ursia Gago, Josefa Barreiro, Pilar Pereira, Manuel Areoso, Robert Matthews, Mohamed Azibou, César Goldi, Alfredo Rodríguez, Vicente Montoto.
<b>Espazo escénico</b>	Xoán Anleo
<b>Espazo sonoro</b>	Ugia Pedreira
<b>Deseño de iluminación</b>	Octavio Mas
<b>Deseño de vestuario e estilismo</b>	La Canalla (Francisco J. Soto e Patricia Soto)
<b>Caderno pedagóxico</b>	Alfredo Rodríguez Fernández
<b>Tradución</b>	Fernando Moreiras
<b>Asesoría en movemento escénico</b>	Olga Cameselle
<b>Axudante de dirección</b>	Anabell Gago

<b>Estrea</b>	20 de outubro de 2006 no Salón Teatro de Santiago
<b>Remate da xira</b>	xaneiro de 2007

**Sinopse:** Unha vila de provincias, ao leste de Francia, no comezo dos anos sesenta. A guerra de Francia con Alxeria non dá rematado. Despois de moitos anos de exilio nese país africano, Mathilde –acompañada dos seus dous fillos– regresa á casa que herdou do seu pai, pero da que se apropiou o seu irmán.

Mathilde chega dunha guerra entre colonizados e colonizadores para vingarse dun pasado de afrontas e inxustizas. Con ela, o conflito e a tensión trasládanse tamén ao ámbito familiar: a guerra do matriarcado contra o patriarcado, do Sur contra o Norte, dos nómades contra os sedentarios, dos desposuídos contra os propietarios, dos pobres contra os ricos.

Escrita como unha obra lúdica –o propio Koltès recoñeceu que esta foi a primeira peza na que quixo que predominase o cómico–, nela mestúranse “temas espléndidos para facer rir”, como as historias de cobiza, herdanzas e fillos ilexítimos, con outros que o son menos, como a presenza difusa e inquietante da guerra de Alxeria.

## Bernard-Marie Koltès

Nado na cidade francesa de Metz en 1948, Koltès cursou varios anos de Piano e Órgano e algunhas semanas de Xornalismo. Tras estudar na escola do Centro Dramático de Leste en Estrasburgo, funda a compañía Le Théâtre du Quai, para a que crea as obras *Les Amertumes* (1970), *La Marche-Le Procès ivre* (1971) e *Récits morts* (1973), que el mesmo dirixe. Para a radio, escribe *L'Héritage* (1972) e *Des Voix sourdes* (1973).

Despois dunha viaxe á URSS en 1973, comeza a súa novela *La Fuite à Cheval très loin dans la Ville*, trala que chegará *Le Jour des Meurtres dans l'Histoire d'Hamlet*.

En 1976, Koltès volta á escrita dramática con *La Nuit juste avant les Forêts*, obra que dirixirá para a escena ao ano seguinte. Ao tempo, en 1977, escribe *Sallinger* e en 1979, tralo seu percorrido por Nicaragua, Guatemala e o Salvador, *Combat de Nègre et de Chiens*. Este último texto marcará o inicio da súa colaboración con Patrice Chéreau, quen dirixirá a obra en 1983, ademais de *Quai Ouest* (1985), *Dans la Solitude des Champs de Coton* (1986) e *Le Retour au Désert –O regreso ao deserto–* (1988). Neste período, Koltès viaxará en numerosas ocasións a Nova York e Senegal.

As súas pezas son representadas en toda Europa, especialmente en Alemaña, país no que obtén un grande éxito. A súa derradeira obra escrita é *Roberto Zucco* (1988), estreada en Berlín en 1990 baixo a dirección de Peter Stein, e exhibida por vez primeira en Francia no TNP, da man de Bruno Boeglin, en 1991.

Bernard-Marie Koltès fina en París en 1989.

## Cristina Domínguez

Cristina Domínguez Dapena é titulada en Arte Dramática pola Real Escola Superior de Arte Dramática e Danza de Madrid na especialidade de Interpretación. No momento da súa incorporación á dirección do Centro Dramático Galego en maio de 2006, dirixía a compañía A Factoría Teatro, actividade que compaxinaba coa docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Vigo (ESAD). Conta cunha ampla experiencia no mundo da escena e tense caracterizado pola súa aposta polo teatro máis contemporáneo e polo gran coidado da escenografía.

Como directora, obtivo o Premio María Casares de Teatro á mellor dirección teatral en 2006 por *Tío Vania* e en 2002 por *Coitelos nas galiñas* (ambas, montaxes de A Factoría Teatro) e o premio Pasarena 1999 de Teatro de Logroño ao mellor espectáculo por *A viaxe de Lola* (Alalá Producións).

A súa traxectoria inclúe tamén traballos de interpretación nunha ducia de espectáculos e outros tantos como directora, asinando nos últimos anos *O canto do Dime-Dime* de Daniel Danis, *Tío Vania* de Chejov, ou *Os homes só contan até tres* de Antón Lopo. Realizou, así mesmo, dirección teatral en espectáculos de danza contemporánea e musicais, e publicou en 2005 o libro *Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz* na colección *Biblioteca de Teatro*, que coeditan o IGAEM e Editorial Galaxia.

## 1.2. *TARARÁ-CHIS-PUM*

<b>Autoría</b>	Artello - Teatro Alla Scala 1:5 (creación colectiva)
<b>Dirección</b>	Artello - Teatro Alla Scala 1:5
<b>Espazo escénico/vestiario</b>	Carlos Alonso
<b>Director musical</b>	Manuel Pombal
<b>Unidade didáctica</b>	Cristina Pérez Asenjo
<b>Elenco</b>	Anabell Gago, Avelino González, Bea, Fran Peleteiro, Manuel Polo, Noemi Rodríguez Músico: José Carlos Illanes
<b>Comezo dos ensaios</b>	decembro de 2006
<b>Estrea</b>	febreiro de 2007
<b>Remate da xira</b>	abril de 2007

A compañía Artello Teatro estreou *Tarará-chis-pum* o 15 de novembro de 1978 na Sala Carral de Vigo. Foi o primeiro espectáculo profesional de teatro infantil feito en Galicia. A boa acollida que tivo por parte do público materializouse na realización de 90 funcións e na súa prolongación en cartel até setembro de 1981. Este espectáculo recibiu a Mención Especial na primeira edición dos Premios da Crítica Galicia 1979.

En *Tarará-chis-pum*, unha compañía de actores conta a historia dun rapaz, pequeno aprendiz de pallaso, que perde a risa na escola. Para atopala, emprenden unha viaxe fantástica que os levará a crear espazos como un mercado, o fondo do mar, o bosque ou mesmo a lúa. Tras dunha intensa busca, a acción remata no circo, onde por fin o pallaso atopará a súa risa. Nesta viaxe, os actores darán vida a máis de corenta personaxes humanos, animais, vexetais e mesmo obxectos.

Neste reencontro coa peza da man do CDG e cun novo elenco, manterase no esencial a estrutura dramática orixinal e, sobre todo, o espírito de creación colectiva. Trátase dunha invitación renovada ao xogo, un xogo baseado na imaxinación, na ilusión, na vontade, na nudez... Recursos que están ao alcance de todos nós.



## Artello Teatro Alla Scala 1:5

A compañía Artello foi fundada en Vigo no ano 1978. Dende a súa orixe mantivo como base da súa liña de traballo a creación colectiva. Até o de agora ten levado a escena os espectáculos *Tarará-chis-pum* (1979), creación colectiva; *Picnic* (1979), de Fernando Arrabal; *As nubes* (1980), de Aristófanes; *A cantante calva* (1981), de Eugene Ionesco; *¡¡¡Mandatrúco!!!* (1982), creación colectiva; *Celtas sen filtro* (1983), de X.L. Méndez Ferrín e Artello; *Gulliver FM* (1985), de Antón R. Reixa, coproducido co CDG; *Almas perdidas* (1987), de Xosé C. Cermeño, producido polo CDG; *Gran Venta X Aniversario* (1988), creación colectiva; *Batea* (1990), creación colectiva; *A matanza dos Seixas* (1993), de Antonio Blanco; e as montaxes de autoría colectiva *A do libro* (1995), *Unha de amor* (1999), *Amadís de Algueres* (2002) e *De fábula* (2005).

En febreiro de 1994, os compoñentes de Artello Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, coa colaboración de Manuel Pombal na dirección de escena, decidiron iniciar unha nova etapa da compañía, caracterizada fundamentalmente por un xeito de produción máis artesanal, polo que comezaron a empregar o sobrenome Teatro Alla Scala 1:5.

Tras case ano e medio de traballo de creación e de construción, o 23 de xuño de 1995 a compañía estrea en Vilagarcía a montaxe *A do libro (aventuras de Perello de Chora-que-logo-bebes)*, galardoada co Premio á Mellor Estética Visual na Mostra Internacional de Titelles a la Vall d'Albaida (Valencia). A este espectáculo sucedéronlle, na mesma liña de traballo, as producións *Unha de amor* (1999) –premio á mellor posta en escena e produción en FETEN (Xixón)–, *Amadís de Algueres* (2002) e *De fábula* (2005).

Artello ten participado en numerosos festivais e programacións, así como en campañas escolares por toda a Península. Destacan, entre moitas outras, as súas actuacións na Feria Europea de Teatro para Niños y Niñas FETEN de Xixón (1996, 1999, 2003 e 2006), Rede Galega de Teatros e Auditorios (de 1996 a 2006), Mostra de Teatre d'Alcoi en 2006, Red de Teatros de la Comunidad de Madrid (2006), Encuentro Teatralia de Alcalá de Henares (2006), Festival Internacional Titeremurcia (2005), Mostra de Teatro de Ribadavia (1978, 1979, 1984, 1988, 2002 e 2005), Feira do Teatro de Galicia (1990, 1993, 1999, 2003 e 2005), Festival Medieval de Elxe (2004) e Festival de Teatro Clásico de Almagro (2004).

### 1.3. *A PIRAGUA*

**Autor e director** Cándido Pazó  
(dramaturgo residente do CDG na temporada 2006-2007)

**Comezo dos ensaios** febreiro de 2007

**Estrea** abril de 2007

**Remate da xira** xuño 2007

**Tema:** A violencia doméstica, tendo como foco principal o da percepción do contorno do lugar onde se produce.

**Liñas argumentais:** Reunión da comunidade de propietarios dun edificio. En rogos e preguntas, un propietario protesta porque hai un veciño que ten unha piragua na súa praza de garaxe. A comunidade divídese nos seus pareceres: nin os estatutos da comunidade nin a Lei de Propiedade Horizontal din nada sobre o uso específico das prazas de garaxe, pero, segundo argumentan outros propietarios, as cousas son como son, como teñen que ser, e é obvio e natural que as prazas de garaxe foron creadas para ter nelas vehículos automóbiles.

Acompañando á comunidade no desenvolvemento desta desavinza, que se prolonga durante varios días, imos descubrindo, xunto co resto dos personaxes, que nun dos pisos está desencadeándose unha situación de violencia doméstica. Unha situación que sempre existiu dunha maneira máis ou menos larvada, pero que ultimamente está intensificándose, ou cobrando máis visibilidade, debido á nova actitude da vítima: unha muller que, farta de aguantar e ante unha progresiva toma de conciencia, decide enfrontarse para establecer unhas novas regras de xogo. As cousas poden e deben ser doutra maneira.

A incapacidade ou a cerrazón por parte do home para asumir esas novas regras, ou simplemente a disolución da relación, desencadean a traxedia final. Pero a muller, precavida grazas á súa nova actitude, logra fuxir. Baixando a escaleira, escopeta de caza en man, o home topa co veciño que ten a piragua na praza de garaxe e, descargando a súa ira e a súa frustración, mátao.

**Do anecdótico ao esencial:** Coa escrita desta peza preténdese levar a cabo unha experiencia na que, a partir do desenvolvemento dunha simple anécdota, se enfié un discurso dramático que leve ao espectador a descubrir a liña argumental esencial, a que finalmente xustifica e aquilata a proposta escénica.

A anécdota de partida, ademais de ter un valor metafórico, establecerá un ritmo e un ton lixeiro na percepción do público. Deste xeito, o espectador entrará nun clima de inconsciencia similar ao dos personaxes que circundan a traxedia, podendo, en igualdade de condicións, acompañalos nas súas sospeitas, dúbidas, incredulidades, xustificacións, inhibicións e abraios, na medida en que os feitos dramáticos se vaian facendo patentes.

## Cándido Pazó

Autor, director de escena, narrador oral e actor, Cándido Pazó (Vigo, 1960) inicia a súa actividade como actor en 1975 como parte do nacente movemento teatral galego, sendo un dos benxamíns das xeracións xurdidas arredor da histórica Mostra de Ribadavia. Na súa formación non regradada cómpre salientar o seu paso pola École Philippe Gaulier de París, que deixará fonda pegada na súa obra. Logo dunha primeira etapa como actor e axudante de dirección en varias compañías, debuta como autor e director con *O merlo branco* (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil 1989), representada polo seu grupo Tranvía Teatro.

Como director habitual de Ollomoltranvía, asina o seu traballo máis célebre, *Commedia, un xoguete para Goldoni*, montaxe de *commedia dell'arte* recoñecida cos premios Compostela 93 ao Mellor Espectáculo, Mellor Dirección e Mellor Actor Protagonista, así como cos premios ao mellor espectáculo outorgados pola Crítica del País Valenciá (1994) e pola Asociación Independiente de Teatro de Alicante (1995). Realizou tamén postas en escena, adaptacións e traducións para diferentes compañías e para o CDG, con textos propios e de Roma Mahieu, Gil Vicente, Quico Cadaval, Marco Antonio de la Parra, Suso de Toro, Sanchis Sinisterra, Therry Jones, Umberto Eco ou Itziar Pascual.

Entre outros dos moitos espectáculos dos que foi autor ou director destacan *Raiñas de Pedra; Nau de Amores*, a partir de textos de Gil Vicente e producido polo CDG; *Nano*, monólogo sobre textos da novela *Tic Tac* de Suso de Toro (Premio María Casares 98 á Mellor Adaptación, Mellor Dirección e Mellor Actor); *O bululú do linier* (Premio María Casares 2000 ao Mellor Texto Orixinal); *Miedo Escénico* (con outros autores, estreado en 2001 en Madrid por Yacer Teatro); *Imaginar, ni dormir ni roncar* (con outros autores, estreada en 2001 en Valencia por La Caixeta); *ÑikiÑaque* (Premio Max 2002 ao Mellor Texto Orixinal en Galego), *Binomio de Newton; Bicos con lingua*, con outros autores (María Casares 2004 ao Mellor Texto Orixinal); e *García* (María Casares 2006 ao Mellor Texto Orixinal).

Foi un dos dramaturgos seleccionados para a Maratón Europea da Creación Teatral do programa da Capitalidade Cultural Europea de Bruxelas 2000, na que escribiu *O último roedor*, estreada polo grupo belga *Canadair* baixo a dirección de Alain Wathieu. Canto á narración oral, alén das súas constantes actuacións en locais especializados, ten participado en numerosos festivais en España, Portugal e América Latina, e imparte un seminario anual sobre "a oralidade no actor" na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto.

## 2. COPRODUCCIÓN

### **KAMIKAZE, DE PISTACATRO**

<b>Autoría</b>	PistaCatro
<b>Dirección</b>	Hernán Gené
<b>Elenco</b>	Borja Fernández, Xosé Antón Coucheiro "Cou", Pablo Reboleiro, Natalia Outeiro "Pajarito", Alfonso Medina, Mera, Manuel Lago.
<b>Vestuario / escenografía</b>	Carlos Alonso, Sandra Costas (axudante)
<b>Auxiliar de dirección</b>	Marcos "Ptt" Carballido
<b>Producción</b>	José Díaz
<b>Xefe técnico</b>	Alfonso Castro
<b>Adestradores</b>	David Loira (danza aplicada ao circo) Glen (acrobacia)

**Estrea** xuño de 2007

Primeiro espectáculo de PistaCatro Produtora de Soños como compañía, *Kamikaze* é un espazo de encontro entre sete personaxes absolutamente radicais, no límite entre a vida e a morte en cada unha das súas accións. Trátase dunha metáfora visual e irónica das relacións entre as persoas, do poder, da individualidade, da diferenza de carácter entre personalidades e do resultado de compartir esas diferenzas cun obxectivo común. A unión fai a forza. *Kamikaze*: vento divino.

Este será o punto de partida do espectáculo. Sete persoas que proveñen do circo, do teatro e da música e que, arredor do concepto *kamikaze* e partindo dunha intención, ensamblan as súas experiencias e coñecementos individuais nunha montaxe innovadora e multidisciplinar.

Con *Kamikaze*, o CDG retoma a coprodución con compañías privadas que fora unha liña importante de traballo nos seus inicios. Este acto recíproco non só favorecerá e dará un novo pulo aos grupos galegos, senón que tamén abrirá o Centro a novas experiencias e propostas. Neste tipo de coproducións, a participación económica do CDG estará regrada porcentualmente e dependerá do proxecto artístico e económico e dos obxectivos empresariais e artísticos da compañía privada coa que se colabore.

## PistaCatro

PistaCatro Produtora de Soños S.L. preséntase como unha empresa innovadora e competitiva, tanto nos seus produtos como nas súas propostas, que se basean na mestizaxe de circo, teatro, música e danza, tendencia que polo momento non é seguida no ámbito galego, e que si se está a desenvolver noutros panoramas escénicos, tal e como podemos advertir en Cataluña, Euskadi ou Francia.

O Novo Circo é unha disciplina artística emerxente. O seu maior atractivo é a capacidade de atraer a novos públicos de todas as idades, que non acoden habitualmente aos teatros, ademais do fomento do acceso á cultura e da súa alta adaptabilidade a espazos non convencionais.

No momento de constituírse como compañía, PistaCatro está avalada por un colectivo máis amplo, cunha traxectoria artística de sete anos ás súas costas, e pola federación de asociacións galegas de Novo Circo que vén de crearse para impulsar este tipo de iniciativas no noso país.

O crecemento e a proxección exterior forman parte do punto de mira de PistaCatro, xunto coa renovación e a ampliación de ofertas culturais en Galicia, de xeito que espectáculos innovadores e feitos en galego poidan ter unha saída comercial fóra. Para acadar este obxectivo, conta con varias circunstancias favorables, xa que o Novo Circo goza dunha grande aceptación en todo o mundo, e a universalidade e a comunicación directa están implícitas na linguaxe visual e no humor.

Todos os membros da compañía tiveron experiencias artísticas no estranxeiro, en países coma Brasil, Gran Bretaña, Francia, Arxentina, India, Portugal, República Checa, Mozambique, Cuba, Rusia e Alemaña, experimentando a súa capacidade para expresarse e comunicarse con públicos de diferentes continentes e culturas. Nalgúns destes países, manteñen ademais importantes contactos con artistas, así como con programadores e promotores culturais.

### 3. DISTRIBUCIÓN DE *A CABANA DE BABAIAJÁ*

<b>Dirección / narración</b>	Paula Carballeira
<b>Músicos</b>	Alfredo Gómez ( <i>clarinete</i> ) Alexandre Lugo ( <i>viola</i> ) Yuri Sdar ( <i>baixo acústico</i> ) Manolo Vázquez ( <i>frautas, gaita, xilófono, percusión</i> ) Vadzim Yujnevich ( <i>baian</i> )

<b>Dirección e coordinación musical</b>	Manolo Vázquez
<b>Axudante de dirección</b>	Chiqui Pereira
<b>Deseño de escenografía e iluminación</b>	Suso Díaz
<b>Deseño de vestuario</b>	Ruth Pereira
<b>Realización da escenografía</b>	Arteficción
<b>Guía didáctica</b>	Nate Borrajo e Pablo Peixe

**Funcións** Ourense, Teatro Principal: 4, 5 e 6 de outubro de 2006 (6 funcións)  
Carballo, Pazo da Cultura: 9, 10 e 11 de outubro (6 funcións)  
O Barco (Teatro Municipal Lauro Olmo), 17-20 outubro (6 funcións)

O CDG retoma en outubro a campaña escolar iniciada no mes de marzo con este espectáculo de música e narración oral, destinado ao público infantil de entre 6 e 11 anos, para o que se adaptou un conto tradicional ruso a partires do que se fía unha serie de pezas dos máis afamados compositores do leste de Europa.

A historia de Natasha e da bruxa Babaiajá fálanos doutras terras, doutros costumes e de como a valentía e a loita por romper límites e por se introducir no terreo do descoñecido ten a súa recompensa nunha aprendizaxe que permite coñecérmonos un pouco máis.

O misterio, o humor e a aventura son algúns dos atractivos deste conto, potenciados pola música en directo que contribúe a recrear unha atmosfera evocadora da estepa rusa. Contén, ademais, contidos transversais importantes na educación das/os nenas/os, chamando a súa atención sobre a integración de colectivos doutras etnias e culturas na nosa, o coñecemento das tradicións doutros países, a valoración da aprendizaxe como unha experiencia positiva, e a relevancia de calidades como a xenerosidade, a perseveranza e a sensibilidade ante os problemas dos outros, entre outros temas.

## Paula Carballeira

Contacontos, actriz e autora, Paula Carballeira vén desenvolvendo a meirande parte da súa traxectoria profesional no ámbito do teatro infantil. Nada en Maniños (Fene), estudou Filoloxía Hispánica en Santiago de Compostela, comezando axiña a súa faceta como narradora oral para todos os públicos en bibliotecas, centros de ensinanza, locais nocturnos e teatros.

O seu traballo como actriz está moi vinculado á compañía compostelá Berrobambán Teatro, que comezou a súa andaina en 1995, converténdose en grupo profesional cinco anos despois. Trátase da formación galega con maior experiencia no ámbito do teatro infantil de actores, dentro do que ten levado a escena media ducia de espectáculos: *Diariamente, Buh!, Dous contos sen final e un final por fin, Movementos para trasnos e trastes e Historia dun soldado*.

É autora de varios libros de literatura infantil –*A percura, Robin e Boa Senté, Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima, Olo-iepu-iepu, Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico, Mateo e Paco*–, a meirande pare deles traducidos ao castelán, catalán e euskera. Ten participado, así mesmo, en diferentes programas e series de Televisión de Galicia e Radio Galega.



## 4. CENTRO DE CREACIÓN DRAMÁTICA CONTEMPORÁNEA

### ***CURSO PISTAS PARA UNHA DRAMATURXIA DA ACTUALIDADE***

Santiago de Compostela (Salón Teatro), novembro 2006-abril 2007

Coordinador: Cándido Pazó (dramaturgo residente)

*Con Pistas para unha dramaturxia da actualidade* inaugúrase o Centro de Creación Dramática Contemporánea, novo espazo para a investigación e a creación dramáticas que ten como prioridade favorecer o desenvolvemento de novas linguaxes dramáticas, tanto textuais como xestuais.

O seu primeiro encontro parte da identificación e estudo dos múltiples temas que poden definir a actualidade para rastrexar e experimentar os distintos enfoques, estratexias e camiños dramatúrxicos que permitan abordalos. Con estes obxectivos, a súa estrutura divídese en tres seminarios, de 15 horas de duración cada un:

1. *O tema. Sobre que queremos escribir?* (13-17 de novembro de 2006)  
Escala dos temas e motivos de teatralización, detección de conflitos e valoración das potencialidades de partida.  
Profesor: Cándido Pazó
2. *A estrutura dunha peza* (29 de xaneiro-2 de febreiro de 2007)  
Cuestións estruturais, de desenvolvemento de camiños dramatúrxicos a partir dos temas de arranque seleccionados.  
Profesor: Paco Zarzoso
3. *Diálogos. O acabado dunha peza* (5-9 de marzo de 2007)  
Estilística, construción de personaxes, diálogos e resolucións finais.  
Profesor: Abel Neves

O curso dirixese a persoas con interese na escrita teatral, preferiblemente con experiencia ou formación en artes escénicas. Nel, os participantes escribirán un texto breve que, arrincando no primeiro dos seminarios, tomará forma nos seguintes. Para este fin, o dramaturgo residente establecerá un período de seguimento presencial e a distancia dos traballos dos alumnos posterior á celebración de cada un dos talleres. No mes de maio, o CDG organizará unhas lecturas dramatizadas cunha selección dos textos xurdidos desta experiencia.

**Cándido Pazó** (v. páx. 11)

## **Paco Zarzoso**

Actor, director escénico e, sobre todo, dramaturgo, Paco Zarzoso (Port de Sagunt, 1966) iniciase na escrita dramática con *O afiador de pianos* (1992). Dende entón ten escrito unha decena de obras, case todas xa estreadas.

En 1992 funda con Cristina García a compañía Grieta Teatre, coa que escenifica *O afiador de pianos* e *Un home, outro home* (1995). En 1995, outro grupo valenciano, Debarrani, estrea *Nocturnos*, un dos seus primeiros textos. Ese mesmo ano crea xunto a Lola López e Lluïsa Cunillé L'Hongaresa de Teatre, compañía que representa tres obras de autoría compartida –*Intempèrie* (1995-1996), *Viaxeiras* (2001) e *Húngaros* (2002)– e dúas de Zarzoso –*Cocodrilo* (1998) e *Mirador* (2000), texto gañador do premio SGAE 99–, entre outras.

En 1996 obtivo o Marqués de Bradomín con *Umbral*, que na súa versión valenciana, titulada *L'Altre*, foi premio Max Aub 1998 de Teatres de la Generalitat Valenciana. En 1997, estrea na Sala Beckett de Barcelona unha obra escrita para o Festival Grec, *Valencia*, dirixida por Rafel Durán; e en 1998 asina un novo encargo para o Grec: *Ultramarins*, estreado baixo a dirección de Yvette Vigatà e gañador do Premio Ciutat de Barcelona ao Mellor Espectáculo e do Serra d'Or, tamén de Barcelona. As súas últimas obras teatrais son *Exilio* e *O éxito está na sombra*, peza para marionetas. Ademais, Zarzoso vén de estrear no Teatre Lliure, dentro do Festival Grec 2006, *Arbusht*, baixo a dirección de Alex Rigola.

## **Abel Neves**

Dramaturgo, poeta e novelista, Abel Neves (Montalegre, 1956) é un dos autores destacados da escena portuguesa. Entre as súas obras teatrais sobresaen *Amadis*, *Anákis*, *Touro*, *Terra*, *Medusa*, *Atlântico*, *Finisterrae* e *Arbor Mater*, *El Gringo*, *Lobo-Wolf*, *Inter-rail* e *Além as estrelas são a nossa casa*, entre outras.

Autor de textos para televisión, ten editadas ademais as novelas *Corações Piégas* e *Asas para que vos quero*. Publicou, así mesmo, o libro de poesía *Eis o Amor a Fame e a Morte* e un volume de ensaios, *Algures entre a resposta e a interrogação*, sobre o feito teatral.

## 5. PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO

En sintonía cunha das principais metas do Centro Dramático Galego, no sentido de favorecer o encontro co máis amplo espectro de espectadores posible, na súa xestión da programación do Salón Teatro tamén se ten en conta a todo tipo de públicos (adulto, infantil e familiar), aos que se quere ofrecer propostas de calidade e interese non soamente a nivel local, senón de toda Galicia.

Con este obxectivo, deseñouse a programación do Salón Teatro até finais do ano 2006:

### **20 de outubro-19 de novembro**

**Centro Dramático Galego: *O regreso ao deserto*,**

de B-M. Koltès, dirixido por Cristina Domínguez.

Funcións de estrea: días 20 e 21 de outubro, ás 21.00 h., e día 22 ás 18.00 h.

Funcións de mércores a domingo até o 19 de novembro: mércores ás 11.00 h.; xoves, venres e sábado ás 20.30 h., e domingo ás 18.00 h.

### **21-30 de novembro**

**Cineuropa**

días 21, 22, 23, 27, 28, 29 e 30

### **25 de novembro**

**Gala do Certame de Creación Coreográfica de Galicia**

21.00 h.

### **2 e 3 de decembro**

**Uroc Teatro e Centro Dramático Nacional: *El señor Ibrahim y las flores del Corán*,**

de Eric-Emmanuel Schmitt, con versión e dirección de Ernesto Caballero.

Sábado ás 20.30 h. e domingo ás 18.00 h.

### **16 e 17 de decembro**

**Fila 7: *Lorca eran todos***

Autoría e dirección de Pepe Rubianes.

Sábado ás 20.30 h. e domingo ás 18.00 h.

**21 e 22 de decembro**

**Teatro Nacional San Joao: *Woyzeck*,**

de Georg Büchner, dirixido por Nuno Cardoso.

20.30 h.

**26-30 decembro**

**Semana de Teatro Infantil**

Martes 26      Achiperre Teatro: *Enrique V*

Mércores 27    Talía Teatro: *O merlo branco*

Xoves 28      Disque Danza: *Menú vexetal*

Venres 29      Sapristi Teatro: *Unha merenda de Alicias*

Sábado 30      ExperimentaDanza: *Arte a escena*

Todas as funcións, ás 19.00 h.

## 6. PUBLICACIONES

### COLECCIÓN *ESCENA ABERTA*

Atendendo ao seu papel de dinamizador das artes escénicas, o CDG impulsará a publicación da escrita teatral galega e universal empregando a fórmula da coedición. Neste sentido, o Centro Dramático Galego asinará un convenio de coedición con Laiovento para a posta en marcha dunha nova colección denominada *Escena Aberta*, na que publicará os textos das súas producións.

Nesta nova serie, primará a función do libro como material de traballo, tentando aportar elementos prácticos e buscando a simplicidade no deseño para dar prioridade ao material textual sobre o visual.

*Escena Aberta* botará a andar cos títulos producidos pola compañía pública en 2006:

- Illa Reunión*
- A cabana de Babaiagá*
- O regreso ao deserto*

Ao tempo, o CDG favorecerá a publicación en galego dos textos das coproducións nas que participe e das obras resultantes do seu obradoiro de escrita teatral –Centro de Creación Dramática Contemporánea– no formato de “cadernos de teatro”.

## **7. WEB**

Esta temporada o Centro Dramático Galego porá en marcha a súa propia web, á que se accederá tanto a través dun dominio propio como dende a páxina do IGAEM, e na que se ofrecerá información puntual sobre as producións e as actividades organizadas pola compañía pública, así como sobre a programación do Salón Teatro de Santiago.

A través deste novo espazo en Internet, o CDG buscará establecer unha canle de comunicación directa e de interrelación dinámica cos espectadores, ademais de cos profesionais que conforman o sector escénico galego.